



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2024/G003/001617

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Bases reguladoras Actividades maiores 55 anos para o curso 2024-2025)

Logo de ver o informe proposta de bases reguladoras de participación nas actividades sociais para maiores de 55 anos 2024/2025 emitido pola técnica educadora social con data 2 de agosto de 2024.

En función das competencias atribuídas a esta alcaldía pola Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local:

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as seguintes bases reguladoras para o programa de actividades sociais de maiores de 55 anos para o curso 2024/2025:

1. FUNDAMENTACIÓN

No marco legislativo da Lei 13/2008, do 3 de decembro, dos servizos sociais de Galicia, o artigo 2 aplica que o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos dos servizos sociais de Galicia, están destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso a calidade de vida e a participación social de toda a poboación galega. O artigo 11 da lei, especifica as funcións dos servizos sociais comunitarios básicos de Galicia, entre elas o fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socio educativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social organizada.

A Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, no Capítulo III das persoas maiores, segundo o artigo 23 a administración pública promoverá a participación das persoas maiores na vida política, económica, cultural e social. E no artigo 25 do ocio e a cultura, a administración pública ten as competencias de: acercar e dar acceso as persoas maiores en todos os recursos dispoñibles en materia de ocio e cultura, adoptando as medidas necesarias; programar e desenvolver actividades culturais e de ocio fomentando a práctica do turismo de natureza, social e cultural; e adecuar actividades deportivas as persoas maiores que favorezan o uso e disfrute.

2. OBXECTO

O programa de actividade sociais para persoas maiores de 55 anos, promovido pola Concellería de Benestar Social e Igualdade e Emprego, ten como finalidade: contribuír a un envellecemento saudable, fomentar a autonomía persoal, promover a participación e integración social das persoas, e previr situacións de risco e/ou



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

de exclusión social. A través de diferentes actividades sociais: de mantemento físico e da saúde, estimulación cognitiva e potenciación da creatividade. Coa fin de mellorar a calidade de vida das persoas destinatarias fomentando o seu benestar físico, social e mental.

3. PERSOAS DESTINATARIAS

Aquelas persoas que teñan cumpridos os 55 anos e maiores desa idade. Excepcionalmente poderán participar persoas, que sen acadar a idade: - Sexan titulares do certificado de discapacidade e acrediten a través de informe médico a idoneidade da actividade elixida. Informe emitido por un profesional do Servizo Galego de Saúde. - Se atopen en situación de risco ou exclusión social con previo informe favorable do/a técnico/a dos servizos sociais do concello. Do mesmo xeito, poderán participar as persoas que non estean empadroadas no concello de Sada, aínda que terán preferencia as sí empadroadas.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

De xeito xeral, as persoas participantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter 55 anos cumpridos o día anterior ao remate do prazo da solicitude (salvo excepcións recollidas no epígrafe anterior).
- Non ter débedas pendentes co concello de Sada pola participación nas actividades sociais de maiores de 55 anos en anteriores edicións.
- Terán preferencia as persoas empadroadas e con residencia efectiva no concello de Sada.
- Certificado de discapacidade, de ser o caso.

5. TEMPORALIZACIÓN E LUGAR DE REALIZACIÓN

A duración do programa das actividades desenvolverase durante os meses de outubro a xuño (ambos inclusive), cos seguintes períodos vacacionais:

- Nadal: 24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro.
- Entroido: Luns e martes de entroido segundo o calendario anual.
- Semana Santa: xoves e venres santo segundo o calendario anual.
- Lugar de realización do programa de actividades sociais: Centros municipais:

Local Social de Riobao (antiga cámara agraria).

Local anexo ao servizos sociais comunitarios (A Laguna 44, 4 baixo).

6. PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES

As actividades sociais para persoas maiores de 55 anos distribúese en diferentes áreas segundo a táboa 1.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Táboa 1: Áreas, actividades e número de prazas por actividade.

Area	Actividade	Nº de prazas
Mantemento físico e da saúde	Ximnasia terapéutica	75
Mantemento físico e da saúde	Taichí	30
Mantemento físico e da saúde	Ioga	45
Estimulación cognitiva	Reforzo da memoria	45
Formación e creatividade	Pintura	30
Formación e creatividade	Restauración	15

A duración de cada actividade e de dúas horas, cun máximo de 15 participantes por grupo. Sendo necesario un mínimo de 7 participantes por grupo para que se poida desenvolver a actividade. No caso de non chegar ao mínimo de participantes non se formará grupo. O concello de Sada reservase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, persoal laboral, etc., que se consideren necesarias. Así como anular algunha actividade e/ou incluír outras novas, por motivos organizativos. O concello poderá variar o número de grupos en función da demanda, así como organizalos mesmos en función dos intereses das persoas participantes (grupos por niveis) e de criterios organizativos.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: FORMA E PRAZO DE INSCRIPCIÓN

As solicitudes presentaranse nas oficinas do concello: no rexistro xeral, a través da sede electrónica, ou en algún dos lugares sinalados no artigo 16 da Lei 39/2015. Mediante o modelo autorizado para tal fin (Anexo I) que poderá recollerse nas oficinas de presentación ou nos servizos sociais do concello. Deberanse cubrir tódolos apartados (sendo imprescindible o teléfono de contacto), xunto co anexo I presentarase o documento de identidade e o anexo selado pola entidade bancaria ou o certificado de titularidade da conta bancaria (non serán válidos recibos bancarios nin a copia da cartilla). Cada persoa poderá presentar unha única solicitude durante o curso e ata tres actividades diferentes. Solo nun horario/grupo por actividade, que deberá respectar ao longo do curso. É dicir, non poderá solicitar participar en máis dun horario nunha mesma actividade. O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles, contando a partir do primeiro día hábil da penúltima semana de agosto ata o último día hábil da primeira semana de setembro. Unha vez rematado o prazo publicarase a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. A partir do día seguinte desta publicación, ábrese un prazo para posibles subsanacións ou reclamacións oportunas, de tres días hábiles. Transcorrido o prazo de subsanacións ou reclamacións, publicarase a lista definitiva de persoas admitidas. No caso de existir máis demanda de prazas que oferta das mesmas, será sometida a sorteo público. Na medida do posible, en aquelas actividades onde a demanda sexa superior a oferta, cabe a posibilidade da creación de novos grupos.

8. FORMALIZACIÓN DA INSCRIPCIÓN

A formalización definitiva da praza realizarase mediante o xustificante do pagamento segundo o establecido no prezo público e no correspondente período. A non formalización da inscrición suporá a renuncia da praza, sendo eliminado da listaxe de participantes de forma definitiva. O pago do primeiro trimestre efectuarase mediante CARTA DE PAGAMENTO, que se poderá tramitar na Oficina Virtual Tributaria, (accedendo a páxina web do



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

concello de Sada, sede electrónica), ou no departamento físico de Tesourería do concello de Sada. Os servizos recaudatorios serán os encargados de realizar os cargos correspondentes na conta bancaria da persoa participante no segundo e terceiro trimestre.

9. SOLICITUDES FÓRA DE PRAZO

As solicitudes fóra de prazo iran incorporando á lista de agarda correspondente por orde de inscrición, tendo preferencia as persoas empadroadas no concello de Sada.

10. PROCEDEMENTO DAS LISTAXES DE AGARDA

Previo o comezo do 2º e 3º trimestre o concello actualizará as listas de participantes. No caso de quedar prazas vacantes, procederase ao chamamento a través de vía telefónica por orde da lista de agarda, para a posibilidade de novas altas. A estes efectos só se darán novas altas por trimestre. Se non fose posible contactar coa persoa, pasarase ao seguinte da lista de agarda. Ditas comunicacións, sempre que sexa posible, realizaranse na segunda quincena do último mes de cada trimestre. As persoas que acepten a praza deberán formalizar a mesma a través do ingreso correspondente, segundo o procedemento establecido.

11. SOLICITUDE DE BAIXA NA ACTIVIDADE

As baixas de actividade deberán presentarse no rexistro oficial do concello, mediante o modelo de baixa correspondente (Anexo II), máximo ata o día 15 do último mes do trimestre para que xurda efecto, é dicir, antes do 15 de decembro do primeiro trimestre e antes do 15 de marzo do segundo trimestre.

12. SOLICITUDE DE CAMBIO DE DOMICILIACIÓN BANCARIA

No caso de querer cambiar os datos de domiciliación da conta bancaria durante o curso deberán entregar no rexistro xeral do concello, a través do modelo de solicitude xeral, o cambio de datos aportando o novo documento de designación da conta bancaria. O prazo de cambio de domiciliación, para que xurda efecto, realizarase máximo ata o día 15 do último mes do trimestre anterior, é dicir, antes do 15 de decembro ou antes do 15 de marzo segundo o trimestre que corresponda.

Segundo.- Acórdase apertura de prazo para presentación de solicitudes de inscrición, do día 19 de agosto ao día 6 de setembro (ambos inclusive)

Terceiro.- Déase publicidade á presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>